

Comité Provincial Seguridade Saúde N° 352 – 15 de setembro de 2011

1.- Actas: Apróbase a acta 351 de maio de 2011. En xullo non houbo reunión por problema de axenda de varios asistentes.

2.- Grupos de traballo Riscos Psicosociais Hércules: Citáranse aos responsables para a reunión de xullo e voltouse citalos para hoxe pero non puideron asistir, enviaron correos explicando como está o tema: case non houbo reunións, onde máis se traballou foi no tema da formación, tamén se menciona a implantación de Help-Desk, na reunión de novembro volverá a falarse do tema. A ausencia de avances é común tanto en Residencial como Autónomos, é evidente a falla de interés da empresa en botar a andar estes grupos de traballo.

3.- Accidentes: En Telefónica houbo 4 accidentes en maio, 2 en xuño e outros 2 en xullo, en agosto non houbo ningún. Nas contratadas houbo 1 en xullo e 2 en agosto. Un dos accidentes de Telefónica foi polo mal estado das táboas do repartidor pois non se substitúen cando rompen ou están defectuosas, esta situación tense denunciado en moitas ocasións.

3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior: Comentarios Actas CCSS 416, 417 e 418. Na acta 416 fálase das probas piloto da escada autosoportada que se farán na Coruña (Montelnor) e Pontevedra, tamén da homologación das escadas de repartidor. Preséntase a memoria do Servizo Mancomunado de Prevención de Riscos Laborais e falan de actualizar a bolsa portaferamentas dos OAPS.

Da acta 417 resaltamos o seguinte: Os dous modelos presentados de bolsas portaferamentas dos OAPS foron descartados por ser demasiado grandes, nas novas escadas de repartidor farase a proba piloto en Cataluña durante 6 meses. En Asturias están probando un dispositivo GPS para os vehículos que permitiría avisos de emerxencia, está pendente de elaborar o documento que informaría como funciona.

Da acta 418 resaltamos o seguinte: Presentouse un novo modelo multidetector de gases con detector de osíxeno de máis duración, falouse dun novo procedemento para solicitar as toallas e dunha proba piloto dun elemento para subida aos postes. Desestímase o dispositivo GPS do que se falou na acta 417 pois non aporta vantaxes sobre o teléfono móbil.

Subcomisión de Incendios: A empresa indica que as alarmas están a funcionar ben e están centralizadas en Montiño, a obturación de ocos está nun 95%. Sobre isto, inmobiliario informa dun procedemento para inventarialos cunha revisión semestral.

Grupo de denuncias: A revisión de escadas do 2º semestre leva retraso, volta falarse de que as escadas en mal estado deben retirarse e non só poñerlle unha pegatina como se está a facer agora. Na páxina web quedan 8 puntos pendentes.

4.- Puntos pendentes: Subliñamos que seguen algúns problemas co vestiario e o problema do aire acondicionado na CT de Riazor onde se chegou aos 27°C, tamén se di que nesa central hai unha máquina de aire acondicionado en exclusiva para o despacho do director, aínda que está funcionando a empresa di que non está entregada!

5.- Puntos novos: Para a vindeira reunión solicítase coñecer o grao de cumprimento do Plan de Prevención 2011. Dende a CIG comentamos a situación que acontece na CT de Montiño ao quedar un só traballador na central de garda pola noite pois o garda non pode saír da garita. Tamén se fala das revisións xinecolóxicas, dende o Servizo Médico coméntase que se fan a través de Antares pero que non hai problema en facelas dentro do horario laboral.